



DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A INSTALACIÓN DE ESTADA FIXA SEN OBRIGACIÓN DE PLAN DE MONTAXE, DE UTILIZACIÓN E DE DESMONTAXE NA VÍA PÚBLICA

A persoa declarante subscribe o presente documento con carácter de **DECLARACIÓN RESPONSABLE**, manifestando baixo a súa responsabilidade ser certos os datos que se consignan e que cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa vixente de aplicación.

D./Dna. _____, con D.N.I. _____,
en representación de _____,
declara que:

1. Coñece as disposicións e requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora de Actividades, Instalacións e Ocupación da Vía Pública do Concello de Santiago (BOP de 08/11/2012).

2. A estada que pretende instalar na rúa _____,
cumpre as disposicións específicas relativas a utilización de estadas de conformidade co Real Decreto 1215/1997, de 18 de xullo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, modificado polo Real Decreto 2177/2004, de 12 de novembro, e:

- Estará constituída exclusivamente con elementos prefabricados e apoiarase unicamente sobre terreo natural, soleiras de formigón, forxados, beirís ou outros elementos cuxa altura, desde o nivel inferior de apoio ata a coroa da andamiada, non excederá de seis (6,00) metros e non dispoñerá de elementos horizontais que salven voos e distancias superiores entre apoios de máis de oito (8,00) metros.
- Atópase debidamente homologada e axustase a normativa de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais, as ordenanzas de construción, ao convenio colectivo de aplicación e demais normas de obrigado cumprimento.
- Será montada e desmontada, modificada substancialmente ou inspeccionada no seu caso, baixo a dirección de D./Dna. _____, con D.N.I. _____, que posúe a formación universitaria ou profesional que o habilita para iso, ou ben dispón dunha experiencia certificada polo empresario nesta materia de máis de dous (2) anos e conta coa formación preventiva correspondente, como mínimo, ás funcións de nivel básico, conforme ao previsto no apartado 1 do artigo 35 do Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, e por traballadores que recibiron unha formación adecuada e específica para as operacións previstas, que lles permite afrontar a riscos específicos de conformidade coas disposicións do artigo 5 de Real Decreto 1215/1997.

3. Designa a D./Dna. _____, con D.N.I. _____, como recurso preventivo responsable das operacións de montaxe e desmontaxe da estada, modificación substancial ou inspección no seu caso, de acordo co artigo 32bis "Presenza dos recursos preventivos" da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.

4. Esta en posesión do recibo en vigor dun seguro de responsabilidade civil que garanta a cobertura de danos persoais ou materiais a terceiros que puideran ocasionarse durante o período de instalación do elemento auxiliar de obra.

En Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 20__

O/A declarante, A dirección montaxe da estada, O recurso preventivo,

Asdo.: _____ Asdo.: _____ Asdo.: _____